

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATORCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL QUINCE.

Na Casa do Concello de Valdoviño, o día catorce de decembro de dous mil quince, reúnese no Salón de Sesións a Corporación Municipal, en primeira convocatoria, cando son as dez horas e trinta minutos para celebrar a sesión extraordinaria e urxente, despois de efectuada a correspondente convocatoria. Presidida a sesión pola Alcaldía-Presidencia con don Alberto González Fernández, asiste ntodos os concelleiros municipais:

Partido dos Socialistas de Galicia- Partido Socialista Obreiro Español PSdeG-PSOE: ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ
SERGIO SAAVEDRA GUTIÉRREZ
BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ
JESSICA SABIN FERNÁNDEZ
ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

Partido Popular- PP
JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO
ESTEBAN GARCÍA ALONSO
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ
MARIA CRISTINA FREIRE ANEIROS

Centristas de Valdoviño (CENVAL)
LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

Unidos por Valdoviño (U POR V)
MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

Son asistidos pola Secretaría municipal, dona Carlota M. González Navarro e da interventora dona Paula Campos Rodríguez. Conforme á Orde do Día son tratados e adoptados os acordos que seguen:

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.-

A sesión queda ratificada pola totalidade da Corporación, en base á necesidade de ter remitida a documentación de Participación do POS 2016 e PAS 2015, á Excmª Deputación Provincial da Coruña, rematando o prazo de remisión o vindeiro 18 de decembro de 2015.

2º.-APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL- POS 2016-.-

Proposta de Alcaldía; *ditaminada favorable en comisión informativa de Obras e Servizos en data 11.12.15:*

“Vista Circular sobre aprobación do POS 2016, coa cantidade asignada a este concello, de 235.491,66 euros e as bases reguladoras do dito Plan, PROPONSE ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa pertinente adoptar os seguintes ACORDOS conforme ao modelo do Anexo I das bases:

1.–Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación provincial da Coruña cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra/subministración	Deputación	Concello	Presuposto
Proxecto básico e de execución: Reforma de biblioteca e outros na Casa de Cultura de Valdoviño	117.745,83 €	_____	117.745,83 €
SUBTOTAL OBRAS	117.745,83 €	-----	117.745,83 €

Aprobar o proxecto das obras incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	117.745,83 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	117.745,83 €

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputacion	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	117.745,83 €	-----	117.745,83 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	117.745,83 €	-----	117.745,83 €
TOTAL	235.491,6 6€	-----	235.491,6 6€

2.–Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións: **(Non se estima Plan complementario)**

Denominación da obra ou subministración	Presuposto
-----	-----
TOTALS	-----

3.–Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.–Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera. **(Non se prevé achega municipal)**.

5.–Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.–Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe. **(Non se solicitou ningunha subvención para esta finalidade)**.

7.–Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.–Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Valdoviño, 10 de decembro de 2015

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández”

O Sr. Alcalde, sintetiza que se deixan 117.745,83 euros para gasto corrente derivado da obriga de Plan de Estabilidade e o resto outra igual cantidade, destinase a reformas na Casa da Cultura. O Plan Complementario non se fixo por falta de tempo.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede, relativa ao POS 2016.

Votaron a favor todos os grupos municipais, agás o concelleiro de Unidos Por Valdoviño, quen se abstivo.

3º.-- APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL PAS 2015.-

Proposta de Alcaldía; *ditaminada favorable en comisión informativa de Obras e Servizos en data 11.12.15:*

“Vista Circular sobre aprobación do PAS 2015, coa cantidade asignada a este concello, de 321.124,99 euros e as bases reguladoras do dito Plan, PROPONSE ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa pertinente adoptar os seguintes ACORDOS conforme ao modelo do Anexo I das bases:

1.–Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación provincial da Coruña cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, dacordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra/subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PROXECTO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MILLORA DO PARQUE INFANTIL DE A FROUXEIRA E OUTROS	244.327,25€	-----	244.327,25€
PROXECTO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS EXISTENTES NAS PRAIAS DE A FROUXEIRA, O RIO, O RODO E PANTIN	76.797,74€	-----	76.797,74€
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	321.124,99€	-----	321.124,99€

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra/subministración	Deputación	Concello	Orzamento total

SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	-----	-----	-----
---	-------	-------	-------

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputacion	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS CARÁCTER SOCIAL	321.124,99€	-----	321.124,99€
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	-----	-----	-----
TOTAL	321.124,99€	-----	321.124,99€

2.–Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións: **(Non se estima Plan complementario)**

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
-----	-----
TOTAIS	-----

3.–Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.–Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera. **(Non se prevé achega municipal).**

5.–Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si ésta se produce efectivamente.

6.–Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe. **(Non se solicitou ningunha subvención para esta finalidade).**

7.–Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.–Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Valdoviño, 10 de decembro de 2015

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández”

O Sr. Alcalde, resume que unha parte dos cartos deste Plan son para amaño das instalacións das praias e outra parte dos cartos, para parques infantís.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede, relativa ao PAS 2015.

Votaron a favor todos os grupos municipais, agás o concelleiro de Unidos Por Valdoviño, quen se abstivo.

A sesión ten o seu remate e queda levantada pola Alcaldía-Presidencia as once horas, da que se se estende a presente acta, que como Secretaria, CERTIFICO o nela expresado.

O Alcalde,

A Secretaria,